



## RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DO PATRIMONIO CULTURAL RELATIVA A UNHA SOLICITUDE DE ACCESO A INFORMACIÓN PÚBLICA

**Solicitante:** \_\_\_\_\_ (en representación de \_\_\_\_\_ )

**Enderezo:** \_\_\_\_\_

**Asunto:** Consulta dos expedientes  
relacionados cos xacementos

O 9 de setembro de 2020 recibíuse no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia unha solicitude de acceso á información pública formulada

ao abeiro do artigo 17 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e do artigo 26 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (LTBG), que quedou rexistrada co número 232020/1741097.

O obxecto da solicitude dirixida á Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura e Turismo é “Consulta dos expedientes

relacionados cos xacementos \_\_\_\_\_. Trala consulta, sinalárase a documentación que poida ser do noso interese para dispor da correspondente copia.”

Por delegación da directora xeral do Patrimonio Cultural (DOG núm. 59, do 23/03/2018), o órgano competente para resolver sobre o acceso á información pública solicitado é a Xefatura Territorial da Consellería de Cultura e Turismo de Lugo, que recibiu a solicitude o 16 de setembro de 2020 data a partir da cal comeza a contar o prazo dun mes para a súa resolución, previsto no artigo 20.1 da Lei 19/2013, do 9 de decembro e no artigo 27.4 da LTBG.

Unha vez analizada a solicitude, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural resolve conceder o acceso aos seguintes expedientes unha vez aplicado o artigo 18 b) da Lei 19/2013:

- Expedientes \_\_\_\_\_ do Servizo de Xestión Cultural de Lugo.



Non se admite o acceso ao expediente do Servizo de Xestión Cultural de Lugo en aplicación do artigo 18.1 b) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno ao tratarse dun informe interno para a Subdirección Xeral de Protección do Patrimonio Cultural para o expediente tramitado nesa Unidade para o expediente do Valedor do Pobo. Polo que se dá traslado da solicitude e desta resolución á dita Subdirección para a súa tramitación.

Non se admite o acceso ao expediente do Servizo de Xestión Cultural de Lugo pois os documentos dos mesmos xa obran en poder do solicitante ao ser o interesado no dito expediente de acceso e copias dos expedientes xa resolto.

Non se admite o acceso ao expediente do Servizo de Xestión Cultural de Lugo pois os documentos dos mesmos xa obran en poder do solicitante ao ser o interesado no dito expediente de acceso e copias do expediente xa resolto.

Non se admite o acceso ao expediente do Servizo de Xestión Cultural de Lugo en aplicación do artigo 18.1 b) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno ao tratarse dun informe interno para a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural para o expediente tramitado nesa Unidade para . Polo que se dá traslado da solicitude e desta resolución aos departamentos correspondentes da dita Dirección Xeral para a súa tramitación.

Non se admite o acceso ao expediente do Servizo de Xestión Cultural de Lugo en aplicación do artigo 14 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno: “1. O dereito de acceso poderá ser limitado cando acceder á información supoña un prexuízo para: e) a prevención, investigación e sanción dos ilícitos penais, administrativos ou disciplinarios.”

Non se admite o acceso ao expediente do Servizo de Xestión Cultural de Lugo ao ser un expediente tramitado no Servizo de Arqueoloxía da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural para do Valedor do Pobo. Polo que se dá traslado da solicitude e desta resolución ao dito Servizo para a súa tramitación.

Non se admite o acceso ao expediente do Servizo de Xestión Cultural de Lugo ao ser un expediente tramitado no Servizo de Arqueoloxía da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural para do Valedor do Pobo. Polo que se dá traslado da solicitude e desta resolución ao dito Servizo para a súa tramitación.

Non se admite o acceso ao expediente do Servizo de Xestión Cultural de Lugo ao ser un expediente tramitado no Servizo de Vixilancia e Inspección da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural. Polo que se dá traslado da solicitude e desta resolución ao dito Servizo para a súa tramitación.

Non se admite o acceso ao expediente do Servizo de Xestión Cultural de Lugo ao ser un expediente tramitado no Servizo de Vixilancia e Inspección da



Dirección Xeral do Patrimonio Cultural. Polo que se dá traslado da solicitude e desta resolución ao dito Servizo para a súa tramitación.

Non se admite o acceso ao expediente do Servizo de Xestión Cultural de Lugo en aplicación do artigo 14 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno: “1. O dereito de acceso poderá ser limitado cando acceder á información supoña un prexuízo para: e) a prevención, investigación e sanción dos ilícitos penais, administrativos ou disciplinarios.”

Os expedientes para os que se concede o acceso poderanse consultar no Servizo de Xestión Cultural de Lugo (Ronda da Muralla 70), previa coordinación co dito Servizo ( ).

De se-lo caso, as copias solicitaranse por escrito tras a consulta dos documentos e entregaranse, no formato indicado na solicitude, polo Servizo de Xestión Cultural de Lugo tras o pago das taxas.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses ou, previa e potestativamente, reclamación ante o Valedor do Pobo no prazo dun mes; en ambos os dous casos, o prazo contarase desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución.

A directora xeral do Patrimonio Cultural

P.D. Resolución de 9 de xaneiro de 2019 (DOG nº 18. 25/01/2019)

A xefa territorial de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Universidade de Lugo

M<sup>a</sup> José Gómez Rodríguez

(Asinado dixitalmente á marxe)